


RECUPERACIÓN 3º ESO

1. Indica a que nivel (ou subnivel) de organización da materia viva pertencen os seguintes exemplos e ordeá ditos niveis de menor a maior complexidade:

Fígado, ferro, neurona, lípido, respiratorio, endócrino, mitocondria, conxuntivo.


2. a) Escribe os nomes dos orgánulos da célula humana. Debuxa ti unha célula eucariota humana e nomea as partes.

b) Explica como é a estrutura e en que consiste a función da membrana plasmática.




3. a) Identifica os tecidos das seguintes imaxes e indica: nome, que elementos os constitúen e cal é a súa función:

A




B



C



D



b). Que diferenza hai entre tecido e órgano? E entre aparato e sistema?.

4. Describe brevemente as funcións dos seguintes aparatos e sistemas:

- Aparato respiratorio:

- Aparato excretor:

- Sistema endócrino:

- Sistema nervioso:

5. Que é unha enfermidade? Que son os síntomas e signos da enfermidade? Pon un exemplo de cada.

6. a) Define: enfermidade infecciosa, síntoma e zoonose.

b) Clasifica as seguintes enfermidades en infecciosas e non infecciosas, indicando nas non infecciosas de que tipo son:

Diabetes, Sida, Tuberculose, Fractura, Anorexia, Gripe, Síndrome de Down.

7. A cerca das defensas do organismo, indica que tipo de defensas son e ,explica o papel que desempeñan os seguintes elementos:

- Secrecións:

- Fagocitos:

- Linfocito B:

- Linfocito T:

8. En que se diferenza a soroterapia das vacinas?

9. Realiza un esquema dos tipos xerais de nutrientes que existen segundo a súa función e indica en cada un que nutrientes inclúen.

10. Cal é a diferenza entre alimento e nutriente? Indica a función das proteínas no organismo.

11. Que son as vitaminas? Que tipos hai? Indica a que vitaminas pertence cada unha destas funcións. Especifica se cada unha das vitaminas é liposoluble ou hidrosoluble:

- a) Participa na formación do tecido conxuntivo e ósos.
- b) É antioxidante, evitando a oxidación dos ácidos graxos das membranas.
- c) Participa no proceso da visión.

12. a) É o mesmo alimentación que nutrición? Define cada termo.

b) Explica a diferenza entre desnutrición e malnutrición.

13. a) Completa as seguintes recomendacións para ter unha dieta equilibrada:

- Realizar ----- comidas ao día, non moi abundantes, para facilitar a dixestión.
- Tomar alimentos -----, de todos os grupos da roda dos alimentos e nas cantidades recomendadas na pirámide nutricional.
- Inxerir diariamente ----- e ----- frescas, que proporcionan vitaminas.
- Comer alimentos ricos en ----- alimentaria, que facilitan os movementos intestinais.
- Incluír graxas insaturadas e ----- o consumo de alimentos ricos en graxas -----e -----, xa que aumentan o risco de padecer enfermidades cardiovasculares.
- Consumir regularmente alimentos ricos en ----- (pan, arroz, legumes, etcétera).
- Minimizar o consumo de -----.

- Moderar o consumo de ----- e de alimentos salgados para previr a hipertensión arterial.
- Reducir a inxestión de alimentos ----- (bolos, lambetadas, etcétera).
- Beber de ----- a ---- litros de auga ao día.

b) Por que é beneficiosa a dieta mediterránea?

14. Explica as semellanzas e diferenzas que existen entre a bulimia e a anorexia.


15. Completa a seguinte táboa co nome da enfermidade que se describe e o nutriente cuxa ausencia o provoca:

DESCRICIÓN	ENFERMIDADE	NUTRIENTE CARENCIAL
Fatiga, perda de memoria e apetito, debilidade muscular		
Non ven na penumbra		
Descenso de eritrocitos		
Malformación nos ósos de nenos		
Úlceras cutáneas, mucosas inflamadas, diarrea e confusión mental		


16. Describe os caracteres sexuais secundarios que se desenvolven durante a pubertade en cada sexo.

17. No aparato reprodutor masculino, explica as funcións de: próstata, vesículas seminais e glandulas de Cowper.

18. Completa as partes do aparato reprodutor masculino.



19. Identifica as partes sinaladas con números no seguinte debuxo do aparato reprodutor feminino.




20. Explica que é a gametoxénese e onde ten lugar. Describe o proceso da espermatoxénese coas súas fases.

21. Describe como son os óvulos e espermatozoides (forma da célula, partes, número de cromosomas). Por que teñen ese número de cromosomas?

22. Que é o ciclo ovárico? e o ciclo uterino ou menstrual?. Completa a seguinte táboa:

Hormona	Glándula que a segrega	Efecto sobre o ciclo ovárico (se hai)	Efecto sobre o ciclo menstrual (se hai)
FSH			
LH			
ESTRÓXENOS			
PROXESTERONA			

23. Completa o debuxo do ciclo ovárico e o ciclo menstrual cos seguintes termos: FSH, estróxenos, ciclo uterino, hormonas hipofisarias, crecemento folicular, proxesterona, fase folicular, corpo lúteo, LH, fase lútea, ciclo ovárico, ovulación, hormona ováricas.



24. Cales son os días do ciclo máis favorables para que teña lugar a fecundación? Por que? Explica en que consisten a fecundación, a implantación e o que sucede entre ambos procesos.

25. Describe brevemente as funcións da placenta, o cordón umbilical e a bolsa amniótica.